

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

PRAZAS E BOLSAS NAS RESIDENCIAS XUVENÍS PARA O CURSO 2024/2025

Modalidades de adxudicación de prazas e distribución por residencia:

- Prazas en residencias xuvenís para estudantes.
- Prazas en residencias xuvenís para persoas estudantes colaboradoras bolseiras.
- Prazas en residencias xuvenís para persoas traballadoras.

Residencia	Estudantes	Colaboradores bolseiros	Traballadores	Total
Centro Residencial Xuvenil LUG	71	4	6	81
Florentino López Cuevillas (Ourense)	50	5	5	60
Altamar (Vigo)	79	6	7	92

Resérvase un 9% das prazas para o caso de mozas que sufran violencia de xénero ou para mozos e mozas cuxas proxenitoras a sufrisen e/ou para persoas mozas con expediente de protección aberto. Na residencia Altamar de Vigo resérvanse 2 prazas adaptadas para persoas con mobilidade reducida.

DURACION: O período máximo de estadía será de 11 meses durante o curso académico 2024/2025.

SOLICITUDES: ata o 19 de agosto de 2024.

REQUISITOS:

Requisitos específicos para as persoas solicitantes estudantes non bolseiras:

Ter os 16 anos feitos e non superar os 30 anos en 31 de decembro de 2024.

Estar cursando estudos de bacharelato, formación profesional, ciclos formativos, estudos universitarios tendentes á obtención do título de grao ou equivalente, doutoramentos ou mestrados universitarios oficiais. Que no concello de residencia non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar. As persoas que conten con oferta de centros públicos no seu concello, pero non alcancen a nota de corte ou puntuación de ingreso, poderán optar ás prazas ofertadas.

Requisitos específicos para as persoas solicitantes traballadoras:

Ter os 16 anos feitos e non superar os 30 anos en 31 de decembro de 2024.

Que o lugar de traballo teña o enderezo nun concello distinto ao lugar de residencia da persoa solicitante.

No caso de que o traballo non sexa fixo ou indefinido, teña unha duración mínima de tres meses.

Que estea dada de alta no réxime de persoas traballadoras autónomas da Seguridade Social, con anterioridade á publicación da convocatoria, para o caso de ser unha persoa traballadora por conta propia.

Requisitos específicos para as persoas estudantes colaboradoras bolseiras:

Ter os 18 anos feitos e non superar os 30 anos en 31 de decembro de 2024.

Ter unha renda media familiar inferior ao 150 % do IPREM do ano en curso.

PREZO:

- Estudantes e traballadores: Habitación dobre 324€ persoa/mes. Habitación cuádrupla: 250€ persoa/mes.

- As persoas colaboradoras bolseiras desfrutarán do aloxamento e mantenza gratuítos

INFORMACIÓN: <http://xuventude.xunta.es/>

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Dirección Xeral de Xuventude

Teléfono: 981 544 645 Email: programas.xuventude@xunta.es

DT da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Servizo de Xuventude e Voluntariado

Espazo Amizar. Rúa Gregorio Hernández, 2. A Coruña

Teléfonos: 881 881 238, 881 881 240

Dúbdas ou dificultades técnicas na presentación de solicitudes: teléfono 012 ou 012@xunta.gal

PUBLICACIÓN: [DOG 19/07/2024](#)

Sede electrónica (sede.xunta.gal): códigos de procedemento

- **Prazas para estudantes** [BS303B](#)
- **Prazas para persoas estudantes colaboradoras bolseiras** [BS303C](#)
- **Prazas para persoas traballadoras** [BS303D](#)

Espazos de Información Xuvenil do Concello da Coruña

Tel.: 981 184 294 ☎ 606 362 366

cmix@coruna.es www.coruna.gal/informacionxuvenil